



SOCIAIS

Imos a repasar e memorizar as paisaxes de interior e de costa.

As paisaxes poden ser de interior e de costa. Dentro das paisaxes de interior temos: montaña e chairas.

Actividade:

Fai un esquema das paisaxes.

A paisaxe de interior é a que non ten mar. A auga forma ríos e lagos. A paisaxe de interior pode ser chaira e montañoso.

As montañas son grandes elevacións do terreo, varias montañas xuntas forman unha serra e varias serras compoñen unha cordilleira. Nas paisaxes de montaña podemos ver bosques e profundos vales. Os ríos son estreitos, forman fervezas e levan pouca auga pero moi rápida. As persoas viven en pequenas vilas ou aldeas e as estradas son estreitas e con moitas curvas.

ACTIVIDADES:

1.-Fai un esquema co título :”A paisaxe de montaña caraterízase por”

2.-Di si é verdadeiro ou falso.Na paisaxe de montaña:

- .-Hai moitos campos de cultivo.
- .-Os ríos forman fervezas.
- .-Varias montañas xuntas forman unha serra.
- .-As persoas viven en grandes cidades.
- .-Os ríos son estreitos e con pouca auga.

.-A cordilleira é unha zona chaira.

As partes dunha montaña son:A ladeira,a cima e o pe.

ACTIVIDADE:

Debuxa unha montaña en pon as partes.Dalle cor.

A chaira é un gran terreo sen montañas con prados e bosques. Os ríos que baixan das montañas cando chegan á chaira fanse anchos, con máis auga e máis tranquila. As persoas utilizan as charias para os campos de cultivo. Os pobos e cidades son máis grandes e viven moitas persoas

ACTIVIDADE:

Di si é verdadeiro ou falso sobre a paisaxe das chairas:

.-As persoas viven en pequenas aldeas.

.-Hai moitas fervezas.

.-Os ríos son anchos e caudalosos.

.-Terreos sen montañas con prados e bosques.

.-Nas chairas hai moitos campos de cultivos.

.-Terreo con moitas montañas.

PAISAXE DE COSTA

A costa é o terreo que está bañado polo mar polo que as paisaxes de costa son aquelas que están preto do mar.

As paisaxes de costa caracterízanse por:

.-PRAIA: Zona de área á beira do mar

- .-PENÍNSULA:terra rodeada polo mar.
- .-ILLA: terra totalmente rodeada polo mar.
- .-ARQUIPÉLAGO: conxunto de illas.
- .-CABO:Parte de terra que penetra no mar.
- .-GOLFO: Parte do mar que penetra na terra.
- .-BAHÍA:Golfo pequeno.
- .-CANTIL:Parede alta e rochosa que dá ao mar.

Para ver todo o que antes vimos da paisaxe de montaña e de costa, ver vídeos en Eduteca:

La Eduteca: El paisaje de montaña.

La Eduteca:El paisaje de costa.

Unha vez visto os videos facer uns debuxos de todo o repasado e darlle cor.